



Edición xestionada
por [Xabier](#)
[Paradelo](#)

CERTAME LITERARIO

Silverio Cerradelo acada o premio Terra de Melide cunha novela ambientada en Barcelona

[12/06/2006 10:15] O escritor e ecoloxista foi o gañador da VI edición do premio de narrativa Terra de Melide, organizado por ese [concello](#), cunha novela curta titulada *Os paxaros tamén migran ao sur*. Segundo consta nas bases, o premio será publicado por Franka Editora. Silverio Cerradelo ofrece para Vieiros Barcelona a sinopse da novela.

FORO

A sección onde deixares [as túas opinións](#), comentarios ou suxestións e debater con outros internautas.

HISTORIAS DA LIÑA
AZUL

Un [recanto literario para participar](#). Non perdas o convoi.

SUMARIO DE XERFA

Aquí podes consultar todos os artigos publicados até o momento no [Sumario](#)

ITINERARIO LITERARIO

Un [itinerario literario](#) por Barcelona a partir de textos galegos ligados á cidade.

A MAN

A [información precisa](#) precisa para ter á vista: Entidades Galegas en Cataluña.

ESTUDAR GALEGO

[Estudar galego en Barcelona](#)



Sinopse: *Os paxaros tamén migran ao sur* desenvólvese en Barcelona. O Jordi, un rapaz catalán que é biólogo, fálanos da súa relación amorosa coa Eva, unha rapaza alemá que xa morreu, pero que lle deixou unha pegada indelével. Todo empezou un día que el estaba a tomar un cortado nun café e viu aparecer pola porta unha muller nova. Era a Eva. Traía postos uns texanos vellos e unha camiseta toda esgazada e debaixo do brazo levaba un mangado de prensa, *La Calle* ou *La Farola*, un destes periódicos que vende a xente necesitada. Logo dun tempo se coñeceren, de sentiren unha grande atracción humana e sexual entre eles, todo se vai complicar cando a Eva, face a face co Jordi, lle confesa que xa non o pode enganar máis, que se prostitúe porque necesita a heroína. E axiña vai ter que marchar para Hamburgo. Que ten que marchar, vólvelle dicir. A desintoxicarse.

Silverio Cerradelo naceu en Ourense, na capital, pero a súa familia toda é das terras da Limia, de preto de Xinzo. Estudou veterinaria en Barcelona e traballou en parques naturais e en centros de recuperación da fauna salvaxe. Pero a el o que lle gusta é escribir, porque a escritura lle obriga a ter abertos para a vida os poros da sensibilidade. Por iso foi polo que empezou a estudar Filoloxía Galega na Universidade de Barcelona. El di que a vai rematar, imos ver. Foi membro dos grupos de teatro universitario galego de Barcelona. Ten traballado como tradutor, como xornalista (colaboracións na revista *Integral*, en *El Periódico* e *Vieiros Barcelona*) e tamén en temas de educación ambiental. Un dos proxectos educativos máis orixinais foi o do contacontos nos Pirineos e na cordilleira Cantábrica, para a sensibilización sobre o oso pardo, subvencionado pola Generalitat de Catalunya e polo WWF/Adena (Fondo Mundial para a Natureza), que durou máis de dous anos. Relacionado con este proxecto publicou un conto titulado: *A historia da Bavar e do Kiwi, os osos do hospital de fauna de Vallcalent*, en catalán, castelán, éuscaro, occitano, aragonés e galego, do que se imprimaron 29.000 exemplares.

COMENTARIOS:

Hai 4 comentarios para esta nova. [Le os comentarios e participa](#)

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [VII Concurso de Música e Baile Tradicional Galego en Catalunya](#)
- ❑ [Reiníciense as entregas do Itinerario 'Barcelona na literatura galega'](#)
- ❑ [Álvaro Cuqueiro: 'Rondeau en louvor d-unha dona catalana'](#)
- ❑ [O tradutor ao catalán de Teresa Moure: 'O texto non é sagrado: non hai nada que traizoar'](#)
- ❑ [Conferencia da escritora Teresa Moure: "Herba moura"](#)
- ❑ [A reportaxe "Mexillóns, dornas e unha gaita" do Canal 33 xa se pode ver na rede](#)
- ❑ [Benaventurados os fillos de Don Quixote](#)
- ❑ ['Viaxes' de David Pintor en Sargadelos Barcelona](#)
- ❑ [Unha boa escolma da pintura figurativa](#)
- ❑ [Obrigadísimo, Quico&Narf](#)